



XORNALISTAS
GALEGAS

AS MULLERES E A OPINIÓN

NOS PRINCIPAIS XORNAIS GALEGOS

Ano 2018

«Existe a maxia e pode ser de todos.
¿A que tanto novelo e tanta historia?
EU TAMÉN NAVEGAR».

Xohana Torres.

A opinión das galegas, o elefante rosa nas redaccións

A opinión xera opinión. A opinión guía a quen camiña polas moreas de información que asaltan cada día. A opinión é xornalismo. E a opinión, en Galicia, é fundamentalmente masculina. Hai sete artigos asinados por homes por cada muller que opina.


Das preto de 27.000 pezas que se analizaron nos sete xornais galegos en papel con máis audiencia no ano 2018, só un 15,5 % levaban sinatura feminina: 4.167 columnas asinadas por mulleres dun total de 26.859.

Diario de Pontevedra e El Progreso son os xornais con máis proporción de mulleres opinadoras, malia que ningún dos dous acada o 25% de sinaturas femininas. Pola contra, La Opinión A Coruña e Faro de Vigo sitúanse por debaixo do 10%.

Só o **15,5%** dos artigos de opinión dos principais xornais galegos están asinados por mulleres


ARTIGOS DE OPINIÓN NO 2018, POR XÉNERO E CABECEIRA

Total % anual de columnas de opinión por xénero



Fonte: La Voz de Galicia, Faro de Vigo, El Progreso, La Región, El Correo Gallego, Diario de Pontevedra, La Opinión A Coruña

Ano: 2018



Onde opinan as que opinan?


Contar coa opinión formada de máis mulleres é imprescindible para que a prensa cumpra coa súa esixencia innata de pluralidade e represente de forma máis fiel a sociedade á que serve. Os xornais galegos analizados publicaron en todo 2018 un total de 67 opinións de mulleres na sección de Galicia, 66 en Deportes e apenas 30 en Economía. En todos os casos por debaixo do 10% do total.

As seccións de deportes, tema do día, economía/mar e Galicia/sucesos, por debaixo do 10% de sinaturas femininas

En xornais como La Opinión A Coruña non atopamos ningunha análise firmada por mulleres nas páxinas de Economía ou Mar en todo o 2018, e na sección de Deportes de El Correo Gallego figura só unha fronte a 172 masculinas.

A realidade diaria dos medios muda moi lentamente, e aínda que hai exemplos como os do Diario de Pontevedra e El

TOTAL % ANUAL COLUMNAS DE OPINIÓN DE MULLERES E HOMES POR SECCIÓNS



Fonte: La Voz de Galicia, Faro de Vigo, El Progreso, La Región, El Correo Gallego, Diario de Pontevedra, La Opinión A Coruña


Ano: 2018

Progreso, que teñen incorporado mulleres ás seccións de política nacional, ata o punto de que xa ocupan o 60 % dos espazos, o certo é que as mulleres seguen sendo franca minoría na análise, por exemplo, dos orzamentos autonómicos ou das causas das tensións comerciais entre Estados Unidos e China.

O ano pasado, os xornais galegos obxecto deste estudo publicaron 280 artigos de opinión sobre temas de saúde, estilo de vida e benestar asinados por mulleres, fronte a 656 escritos por homes. O dato é alarmantemente baixo, e aínda máis preocupante se temos en conta que Sociedade é a segunda sección na que máis voces femininas se contabilizan (30 %).

Os xornais publicaron 280 artigos de opinión sobre saúde, estilo de vida e benestar asinados por mulleres, fronte a 656 escritos por homes

TOTAL ANUAL COLUMNAS DE OPINIÓN DE MULLERES E HOMES POR SECCIÓNS (cifras absolutas)



Fonte: La Voz de Galicia, Faro de Vigo, El Progreso, La Región, El Correo Gallego, Diario de Pontevedra, La Opinión A Coruña

Ano: 2018


A utopía da paridade en Opinión

A paridade na opinión segue a ser unha utopía nos sete xornais galegos esculcados. En todo o 2018 só se contabilizaron nove días nos que o número de opinadoras e opinadores fora o mesmo (ou incluso algo superior). Un equilibrio rexistrado en El Progreso (catro días), no Diario de Pontevedra (dous días), La Voz de Galicia (dúas xornadas, unha delas con catro mulleres fronte a cinco homes) e La Opinión A Coruña, que rexistrou esta mesma cifra no Día Internacional da Muller (8 de marzo).

As sinaturas de mulleres desaparecen das páxinas da sección de Opinión durante case 1/3 do ano

Mero anecdotario ao que se suma a sección de Opinión, onde nin sequera se chega á presenza diaria de rúbricas femininas. De media, as mulleres desaparecen destas páxinas durante case un terzo do ano (113,84 días de 363 nos que houbo xornal). O caso máis salientable é o do Faro de Vigo, onde durante 260 días (o 71,8 % do ano) non se

NÚMERO E % DE DÍAS DO ANO SEN OPINIÓNS FEMININAS NA SECCIÓN DE OPINIÓN (por xornal)



incluíron sinaturas de mulleres en Opinión. Seguido de La Opinión A Coruña (159 días, un 43,9 %); La Región (134 xornadas, un 37 %) e Diario de Pontevedra (113, un 31,2 %). Mentres que en El Progreso de Lugo (77) e La Voz de Galicia (54) houbo menos de cen días sen sinaturas de mulleres en Opinión.


Como contraste, El Correo Gallego é o único xornal que inclúe na súa sección de Opinión unha sinatura feminina, polo menos. Unha situación que responde a unha “pioneira cruzada”, segundo se indicou desde a dirección deste medio no seu día, iniciada en setembro do 2015, a prol dunha progresiva inclusión de mulleres para cubrir esa cota mínima. Mera maquillaxe, pois no tocante á paridade, este xornal non rexistrou nin unha soa xornada de equilibrio en opinións de mulleres e de homes nas súas páxinas (o máximo foron tres sinaturas femininas fronte a sete masculinas o día 26 de xullo).

Fóra de xogo na opinión deportiva

Ao longo do 2018, a presenza de mulleres que opinan nas páxinas deportivas é nula en dous dos sete xornais analizados e residual nos outros cinco. En total, 66 artigos de opinión firmados por mulleres fronte aos 1.092 rubricados por homes.

Faro de Vigo e La Región non publicaron ningunha columna de opinión deportiva asinada por unha muller en todo o ano pasado. La Voz de Galicia imprimiu 33, fronte ás 377 escritas por homes. La Opinión A Coruña incorporou 16, o Diario de Pontevedra editou 11 opinións femininas e 276 masculinas. El Progreso deulle voz a cinco mulleres dun total de 80.

Mentres que El Correo Gallego tirou unha soa opinión feminina na súa sección de Deportes fronte ás 172 firmadas por homes. En resumo, só o 5,9% das opinións sobre deportes publicadas polas sete cabeceiras galegas con máis público lector están asinadas por mulleres.





o xornalismo será feminista ou non será

A XORNALISTAS GALEGAS

xornalistasgalegas.org   @asxornalistas